

—Vén Vde. de presentar, nun congreso en Roma, unha comunicación na que vindica unha certa integridade moral por parte de María Balteira. Pensa que esta soldadeira tivo mala prensa?

—Cando Cesare de Lollis e o marqués de Valmar, a finais do século XIX, estudaron a poesía de Afonso X, coincidiron en cualificala de prostituta. Unha consideración feita por aceptar literalmente o que trovadores e xograres dixeran dela. Ramón Menéndez Pidal considerou tal xuízo esaxerado pero non lle deu a volta. Doutra banda, o arquiveiro coruñés A. Martínez Salazar engadiu, ás opinións dos primeiros, unha insinuación procax verbo da Balteira: as dúbidas que lle supuña a expresión “afazer servizo ao mosteiro fielmente assi como familiar et amiga” que aparece nun contrato feito co mosteiro de Sobrado en 1257.

—E tal consideración chegou ata os nosos días.

—Evidentemente. E chegonos de dúas maneiras. Unha, desde unha perspectiva académica que apenas modificou o dito antes; e outra —digamos popular— que fixo de María Pérez Balteira un símbolo das reivindicacións femininas, con poemas, cancións, teatro e, incluso, como en Lugo, en forma de rúa e centro social co seu nome.

—Pensa que poderíamos falar dunha fixación crítica cara a ela?

—Sei que o que responderei pode resultar áspero e, nalgún caso, inxusto. Pero o certo é, ao meu ver, que a crítica literaria galega pecou de comodidade e repetiu ano tras ano o que antes dixeran outros. E isto vale tanto para a literatura medieval como para a contemporánea. A fosilización da idea dunha Balteira lasciva ou prefeminista, tanto ten, amosa a mesma teima que os que seguen a empregar o termo “Xeración Nós”.


—Como chegou a dubidar do que se dixo da Balteira?

—Pois con iso ten que ver moito este noso suplemento. Hai uns cinco anos comentei nestas páxinas un librito interesantísimo sobre as cruzadas, de Jonathan Riley-Smith, historiador recentemente falecido. Durante a súa lectura atopei que, xa no século XIII, a bula garantía que a Igrexa custodiase as propiedades dos cruzados. Coa circunstancia engadida que a bula podía mercarse sen ter que viaxar obrigatoriamente a Terra Santa. Sabemos, polo contrato con Sobrado, que María Pérez xa tiña a condición de “cruzada”. E a pregunta que me fixen foi: e se a Balteira mercou a bula para protexer as súas propiedades en Galicia? Sen viaxar, claro. Estou convencido que por iso se burlaron dela e de Pedro García de Ambroa, o seu acompañante, quen tería que mercar outra xa que as mulleres non podían ir ás cruzadas en solitario.

—E resolveu a dúbida respecto da condición de “familiar et amiga” dos monxes de Sobrado?

—Nun traballo que aparecerá en breve, sosteño que o contrato de 1257, dito de maneira moi resumida, non deixaba de ser unha póliza multiseguro: propiedade, renda vitalicia, asistencia na velez e sepultura. E iso o Císter soubo facelo moi ben e quen así contrataba, recibía do mosteiro a condición de membro da comunidade nunha relación de *amicitia* e *familiaritas*. Que se mantenga a dúbida lasciva que sinalamos é outra mostra da preguiza de boa parte da crítica.

—Como pasou da cruzada aos maridos



Joaquim Ventura - ESCRITOR E FILÓLOGO

## “A liñaxe de María Balteira puido dar persoeiros salientables no século XIV”

*Filólogo, escritor, investigador da literatura galega e habitual colaborador de FARO DA CULTURA, Joaquim Ventura foi un dos participantes do XVII Congreso Internacional da Asociación Hispánica de Literatura Medieval, celebrado este verán en Roma, onde pronunciou unha conferencia titulada Os maridos de María Balteira arredor desta soldadeira galega, cuxa historia leva investigado a fondo.*

LOURDES VARELA

da Balteira, que é do que falou en Roma?

—Como quen colle cereixas, do asunto da cruzada pasei ao problema —aínda non ben resolto para moitos— de se houbo un Pedro García de Ambroa trovador e un segrel chamado Pedro de Ambroa. Penso que foron a mesma persoa e así o publiquei hai uns anos (sen apenas eco na crítica galega malia as evidencias documentais). O misterio está na razón que houbo para que o fidalgo e trovador Pedro García de Ambroa pasase a escudeiro a salario e, en consecuencia, a segrel como Pedro de Ambroa. Sospeito que tal circunstancia tería relación coa presenza da Balteira, a quen acompañou

O filólogo e escritor Joaquim Ventura.

FOTO: CONCHI PARDILLA

moitos anos.

—E agora, en Roma, tentou resolver o problema.

—A partir de diversa documentación, formulei a hipótese dunha fuxida por parte de María Pérez. Unha muller con este nome aparece en 1232 casada cun personaxe chamado Froila Afonso, alcumado nalgún outro documento como *Balteiro*. Sospeito que María Pérez marchou coas tropas galegas que en 1236 conquistaron Córdoba, unha parte das cales permaneceu na fronteira un tempo. Alí coincidiría con Pedro García de Ambroa ou tal vez foron xuntos. O certo é que en 1237 e 1238 diversas persoas próximas a este —a súa muller, un fillo dun matrimonio anterior, unha eventual irmá e dúas fillas— venderon propiedades a don Rodrigo Gómez de Traba. No diploma de Urraca López, a muller de Pedro García, este é chamado “meu marido”, en tanto que Froila Afonso aparece como “meu viro”. É por iso que moitos o deron por morto aínda que, para min, seguía vivo en terras andaluzas se ben como escudeiro a soldo, polo cal —repito— pasaría de trovador a segrel.

—Pero iso non presupón unha unión entre a soldadeira e o de Ambroa.

—A priori, non. Pero alén das sátiras que comparten nos cancioneros, temos un diploma de 1242, outorgado en Oseira por unha muller chamada María Pérez que vai “cum viro meo Petro Garsie”. Unha relación que chegaría ata o momento en que o de Ambroa morreu —sospeito— nunha das expedicións que Afonso X fixo no golfo de Cádiz en 1258 ou contra o porto marroquí de Salé en 1260. Sabemos que participou porque o seu señor, don Munio Fernández de Rodeiro, foi chamado polo rei, segundo aparece no seu testamento (sospeito que póstumo). E tamén sabemos que estaban en terras galegas cara 1257: a Balteira, porque contratou con Sobrado e Pedro García porque é citado como prestameiro de Ambroa ata a súa morte, cando persoas ao servizo de don Rodrigo Gómez alteraron as fitas do mosteiro de Monfero.

—Daquela, cre que esa fuxida sería a orixe das sátiras que lle fixeron en contra?

—Sen dúbida. Ese Froila Afonso, chamado *Balteiro*, procedería dunha liñaxe importante e sería o marido burlado, circunstancias coñecidas polos trovadores galegos que estaban con María Pérez. E por iso chamáronlle *Balteira*. De aí as burlas contra ela e contra Pedro García de Ambroa.

—E queda algún outro asunto da vida da Balteira por resolver?

—Un polo menos: o do seu fillo ou fillos. Unha cantiga de Pedro Amigo de Sevilla fala dun escolar e dun fillo da soldadeira, tal vez a mesma persoa. Doutra banda, queda por situar outro asunto de fillos, neste caso os de Pedro García de Ambroa e a continuidade da súa liñaxe que, penso, deu persoeiros salientables no século XIV.